Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 15 de xaneiro de 2025

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o día 15 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Argimiro Marnotes Fernández
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
(en substitución de María Felisa Rodríguez Carrera)
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Xosé Luís Bará Torres
(en substitución de Iago Suárez Fernández)
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
María Montserrat Prado Cores
(en substitución de Iria Taibo Corsanego)
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
José Luis Ferro Iglesias
Lara Méndez López
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia comunica unha alteración na orde do día aceptada previamente por todos os voceiros dos grupos parlamentarios consistente en debater en primeiro lugar a iniciativa que figura en quinto lugar.

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 14164 (12/PNC-001386)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santamaría González, Raúl e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coas instalacións e a capacidade operativa do cuartel da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

O **señor Santamaría González, Raúl (P),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios e, posto que o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, toma a palabra en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para sinalar que non comparte o que se demanda nesta iniciativa.

En segundo lugar intervén a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** motivando o posicionamento do seu grupo en contra desta proposta.

Na rolda de puntualizacións o **señor Santamaría González, Raúl (P),** insiste na defensa da iniciativa.

1.2 1216 (12/PNC-000132)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 14 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa dotación policial para afrontar a repunta da criminalidade na cidade e na provincia de Ourense
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse

unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17171), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación, a **señora Pérez López, Noelia (P)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** quen, tras expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, explica e defende a aceptación da emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendantes toma a palabra en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para posicionarse a prol desta iniciativa.

En segundo lugar fai uso da palabra a **señora Castro Rey, Paloma (S),** logo de comentar moitas das argumentacións expostas pola propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada,

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Pérez López, Noelia (P),** incide na importancia da iniciativa e argumenta as razóns polas que acepta a emenda.

1.3 3388 (12/PNC-000426)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de integridade pública institucional, transparencia, bo goberno e prevención da corrupción na Administración e no sector público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia, logo de comunicar que a esta iniciativa se presentou un autoemenda de modificación do punto 2 do texto resolutivo (núm. 17174), concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, -*o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen motiva a postura do seu grupo a prol da devandita proposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** o **señor Rodríguez Martínez, Roberto,** quen, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo sobre este tema.

Auséntase da sala a señora Castro Rey, Paloma (S) e incorpórase á mesma a señora Méndez López, Lara (S).

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galega, tras criticar a postura do grupo maioritario.

1.4 11877 (12/PNC-001135)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o impulso da cooperación e colaboración entre concellos na prestación dos servizos públicos e na mellora da eficiencia na xestión dos seus recursos e do seu financiamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

O **señor Insua Lema, Óscar (BNG),** procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** anunciando o voto favorable do grupo parlamentario que representa.

A seguir a **señora Méndez López, Lara (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Incorpórase á sala o señor Ferro Iglesias, José Luis (P).

Nesta mesma rolda a **señora Prado del Río, Paula (P**), logo de expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Insua Lema, Óscar (BNG**), tras incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención da voceira do G.P. Popular de Galicia e agradece o apoio dos grupos da oposición.

Auséntase da sala a señora Méndez López, Lara (S) e incorpórase a señora Castro Rey,

PARLAMENTO DE GALICIA

Paloma (S).

1.5 12589 (12/PNC-001195)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que axilice a construción do edificio que albergará as súas dependencias administrativas na cidade de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

O **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para expresar o voto favorable do grupo parlamentario que representa.

A seguir toma a palabra a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda o **señor Marnotes Fernández, Argimiro (P**), logo de expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG**), tras insistir na importancia desta iniciativa, non concorda coa intervención do voceiro do grupo que apoia ao Goberno e agradece o apoio dos grupos da oposición.

1.6 14997 (12/PNC-001469)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S),** que procede á defensa da proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** para xustificar o apoio do seu grupo parlamentario á mesma.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Ferro Iglesias, José Luis (P),** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas polos voceiros que o precederon no uso da palabra, motiva o rexeitamento do seu grupo á proposta de referencia.

A **señora Castro Rey, Paloma (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos expostos polo voceiro do grupo maioritario.

Solicita a palabra o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG)** en base ao establecido no artigo 78.1 do RPG, A Presidencia, logo de consultar coa letrada da Comisión, entende que non procede. O deputado continúa falando, polo que o presidente lle indica que non está no uso da palabra e se persiste na súa actitude terá que tomar medidas.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 1216 (12/PNC-000132), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da emenda de adición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. 17171), resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España as seguintes medidas:
1º. A creación dun grupo operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) da Policía Nacional na cidade de Ourense, co obxecto de que poidan realizar as funcións que lle son propias de xeito eficaz e eficiente.
2º. Mentres non se cree o grupo operativo da UPR en Ourense dotar, con carácter urxente, as vacantes conforme o previsto no catálogo de postos de traballo, e así completar o subgrupo operativo cos medios necesarios para poder exercer as súas funcións en condicións de seguridade.
3º. A creación dunha brigada móbil de policía no transporte na Comisaría de Ourense.
4º. Que proceda á actualización do catalogo de postos de traballo das forzas e corpos de seguridade en Galicia.
5º. Que acorde a implementación dunha unidade de drogas e crime organizado na Comisaría de Ourense.»

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 3388 (12/PNC-000426), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa modificación derivada da autoemenda (núm. 17174), resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.3 11877 (12/PNC-001135), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.4 12589 (12/PNC-001195), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.5 14164 (12/PNC-001386), do G.P. Popular de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 9
Votos en contra: 7
Abstencións: 1

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:
1. Que o Ministerio do Interior constrúa un novo cuartel da Garda Civil en Vilagarcía de Arousa ou, na súa falta, realice unha rehabilitación integral do actual.
2. Que o Ministerio reconsidere a súa decisión de trasladar a dependencia da capitanía da Garda Civil a Cambados e a manteña en Vilagarcía de Arousa.
3. Que o Ministerio do Interior manteña no acuartelamento de Vilagarcía de Arousa os servizos de atención ao cidadán en materia de intervención de armas, servizo de protección da natureza e servizo fiscal e fronteiras (as dependencias situadas no Porto de Vilagarcía e as que se atopan no acuartelamento).
4. Que o Ministerio do Interior cubra a taxa de reposición dos axentes adscritos á compañía de Vilagarcía de Arousa.»

PARLAMENTO DE GALICIA

1.6 14997 (12/PNC-001469), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

A Presidencia agradece aos servizos da Cámara o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 14:10 horas.

Julio García Comesaña

V. º Br.:
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 08:37:57 +01'00'

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2025.03.21 13:49:16 +01'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión